



## ANUNCIO

Asunto: Incoación de expediente de deslinde dun ben inmovible

O Pleno do Concello de Fene na súa sesión ordinaria do 07.05.2026 acordou incoar un expediente de deslinde do ben inmovible situado entre as parcelas con referencias catastrais 7442508NJ6174S e 7442512NJ6174S, situado na Avda. de Conces, Fene.

O deslinde practicarase materialmente ás 12.00 horas do día hábil que resulte unha vez transcorridos 60 días a contar dende o seguinte ao que se publique o anuncio deste acordo, levantando a correspondente acta que se incorporará ao expediente.

As persoas interesadas poderán presentar ante a Corporación cantos documentos estimen conducentes na proba e defensa dos seus dereitos ata os vinte días anteriores ao comezo das operacións.

Transcorrido o devandito prazo non se admitirá documento nin alegación ningunha.

De non haber alegacións, a Alcaldía ordenará o apeo da leira, o cal consistirá en fixar con precisión os lindeiros da leira e estender a acta de deslinde.

Iniciado o procedemento administrativo de deslinde, non poderá instarse procedemento xudicial con igual pretensión nin se admitirán interdictos sobre o estado posesorio das leiras mentres non se leve a cabo devandito deslinde.

O expediente poderá consultarse na oficina do Departamento de Urbanismo, situada na 2.º andar do edificio do Concello - situado na Praza do Alcalde Ramón Souto González, s/n - en horario de 8:00 a 14:00 horas de luns a venres

Fene, 18 de maio de 2026

Asinado dixitalmente pola alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.